

FIXA_RSE

O BOLETÍN DO OBSERVATORIO GALEGO DA
RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL

Nº11 | abril 2018



Xeración Responsable acercou a responsabilidade social ás persoas mozas de Galicia

p. 3

A Xunta de Galicia publica unha nova Guía para fomentar lugares
de traballo máis saudables

p. 7

Tras a Conferencia de Bonn COP23, agora que?

p. 9

Como potenciar as habilidades brandas

p. 12

XUNTA DE GALICIA

rse.xunta.gal

Editorial

A importancia de transmitir valores responsables aos mozos

Nunha sociedade como a actual, a educación supón un pilar fundamental á hora de construír a cidadanía do futuro. Unha educación inclusiva e igualitaria formará persoas máis responsables, que integrarán eses valores como unha forma de entender as relacións persoais e profesionais. De igual forma, se durante as etapas educativas conseguimos transmitir o valor que representan aspectos como a equidade, a sostibilidade ou a conciliación, entre outros, estaremos formando persoas con maiores capacidades.

Por este motivo dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria lanzouse o proxecto Xeración Responsable para transmitir como ser persoas máis responsables dende as etapas preuniversitarias. Neste novo boletín poderedes coñecer máis detalles sobre a primeira etapa desta iniciativa. Grazas a este proxecto, o alumnado participante contribuíu a dar a coñecer que pensan sobre estes temas frecuentemente tratados no ámbito empresarial. Por iso, dámoslles as grazas e animámoslos a ser parte activa dunha sociedade galega socialmente máis responsable.

Secretaría xeral de Emprego

Consellería de Economía, Emprego e Industria
Xunta de Galicia

Contido

Xeración Responsable acercou a responsabilidade social ás persoas mozas de Galicia.....	p.3
Sección ODS: <i>Obxectivo 4: Educación de calidade</i>	p.6
A Xunta de Galicia publica unha nova Guía para fomentar lugares de traballo máis saudables....	p.7
Tras a Conferencia de Bonn COP23, agora que?.....	p.9
Creado o Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030.	p.11
Como potenciar as habilidades brandas.....	p.12
Coñece Spotlight, a iniciativa global para eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas.....	p.14



CRÉDITOS | Edita: Secretaría Xeral de Emprego — Consellería de Economía, Emprego e Industria

Elaboración e maquetación: CIMAS | ISSN:2386-3951

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución — Compartir Igual 3.0 España de Creative Commons

Para ver unha copia da licenza, visite: <http://creativecommons.org/licenses/by/3.0/es/deed.es>

Artigo

Xeración Responsable acercou a responsabilidade social ás persoas mozas de Galicia

A primeira etapa de Xeración Responsable concluíu con éxito. Este proxecto piloto da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, conseguiu explicar que é a responsabilidade social aos mozos. Xeración Responsable acercou conceptos como innovación, equidade, consumo responsable, diversidade, marketing ou medio ambiente a través de talleres prácticos impartidos en diferentes centros de educación de Galicia.



Xeración
responsable

Durante catro días, 201 alumnas e alumnos participaron nos talleres desenvolvidos no marco de Xeración Responsable. A posta en práctica da iniciativa acadou bos resultados, manifestado tanto pola implicación do alumnado como pola acollida dos propios centros.

Se ben o obxectivo xeral do proxecto é sinxelo na súa base, pois trátase de transmitir o valor de ser responsables entre a mocidade, a realidade demostrou que existen conceptos intanxibles asociados á RSE que aínda son descoñecidos pola maioría deles. É aquí onde Xeración Responsable consegue expoñer preguntas, cuestións e casos reais cos se atoparán no futuro, cando creen unha empresa ou cando traballen en calquera tipo de organización.

As dinámicas das sesións permitían ás rapazas e aos rapaces participantes elixir sobre que temas preferían debater (primeiro en grupos reducidos e despois de forma aberta co resto da aula). Antes un conxunto de sete temas, os elixidos polos estudantes foron (por orde de preferencia): consumo, medio ambiente, marketing, innovación, equidade e diversidade.

Isto tamén pon de manifesto as distintas sensibilidades cara aos temas propostos no marco da responsabilidade social. En temas de consumo e marketing, os mozos mostrábanse interesados sobre como desenvolver modelos de consumo máis respectuosos coa contorna ou coas condicións laborais. Respecto ao medio ambiente, preocupánlles os incendios forestais e a escaseza de auga, principalmente. Tamén se estableceu diálogo en torno a aspectos máis sociais, como a desigualdade salarial ou experiencias vividas polos propios estudantes en materia de diversidade. En cada sesión conseguíuse que os participantes formularan as súas dúbidas e inquietudes como forma de dar a coñecer a súa visión dos temas sobre RSE.

Durante a sesión desenvolvida no IES 12 de Outubro, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, participou de forma activa nun dos talleres. Nesta sesión, o propio alumnado transmitiulle ao conselleiro a súa preocupación polos temas vinculados á RSE, como a igualdade entre homes e mulleres ou os aspectos ambientais. Foi unha boa ocasión para que se establecera un

diálogo directo e honesto entre os máis novos presentes na aula e o titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Pola súa parte, o conselleiro puxo de relevo o interese desta iniciativa grazas á cal se forma á mocidade en idades temperáns en aspectos que lles serán "de grande utilidade" para poder desenvolver a súa carreira profesional de forma exitosa. Ademais, Conde apoiou que se abran "novos debates relacionados coa inclusión social e o desenvolvemento sostible" e invitou ás empresas a adoptar medidas que sexan "responsables desde o punto de vista medioambiental, da inclusión social e a igualdade de xénero".

Neste primeiro balance, é imprescindible destacar a colaboración de todos os centros e os seus respectivos equipos docentes: IES Urbano Lugrís (A Coruña), IES 12 de Outubro (Ourense), IES Muralla Romana (Lugo) e o IES Frei Martín Sarmiento (Pontevedra). Neste último, dada a convocatoria de folga por parte dos estudantes coincidente cos talleres, traballouse co equipo directivo do centro na posta en común das súas necesidades en materia formativa en RSE e na concreción dos temas a tratar para a seguinte etapa de Xeración Responsable.

En todos os casos, tanto o persoal directivo como o profesorado colaboraron de forma activa cos talleres permitindo que foran sesións moi útiles, próximas á realidade das persoas máis novas. Tanto é así que mesmo suxeriron iniciativas concretas que, baixo o seu punto de vista, lles permitirían desenvolver actitudes máis responsables. Por exemplo, perfilaron a necesidade de contar con alternativas de ocio local máis diversas ás existentes e amosáronse preocupados polo impacto dos modelos de produción e consumo actuais.

Algúns dos resultados xerados a través de

Xeración Responsable

- Aos mozos resúltalles atractivo participar nun proxecto pioneiro no cal colaboran a Consellería de Economía, Emprego e Industria xunto coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Este aspecto resulta clave, posto que se trata dun proxecto integrado e desenvolvido en colaboración co apoio dos propios centros educativos.
- Amósanse moi interesados na plataforma de resultados proposta para incluír as opinións dos talleres (de forma anónima): xeracionresponsable.tumblr.com
- Tamén mostran unha opinión favorable sobre o contido que se presentou a través da web da Consellería de Economía, Emprego e Industria en materia de RSE. Venlle utilidade para a obtención de orientacións sobre unha futura busca activa de emprego, así como para coñecer como actúan empresas próximas aos municipios onde viven.
- A participación dos grupos é activa en todos os talleres. O alumnado non dubida en expoñer a súa opinión sincera e próxima mesmo afirmando que non actúan como se supón que deben facelo.
- Os temas de consumo trabállanse polo alumnado en dúas vertentes: consumo de roupa/aparells electrónicos e alimentación.
- Preocúpanlle os temas ambientais próximos (incendios, consumo de auga, xestión de residuos). Non obstante, valoran que non dispoñen de suficiente información de moitos dos temas incluídos no taller. É un perfil de público que se amosa disposto a participar en iniciativas de voluntariado, pero límitaos a dispoñibilidade de tempo.

Futuro de Xeración Responsable

Dada a boa acollida do proxecto e a resposta dos centros educativos, vaise propoñer a súa continuidade nos próximos meses. A capacidade de cambio que se xera nestes mozos ao redor dos temas de responsabilidade social é importante. Por iso, terase en conta como participaron e que temas lles resultan máis atraentes, incluíndo contidos acordes coas súas inquietudes.

Con todo isto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria confía en conseguir unha xeración de mozos máis sensibles aos valores impulsados pola responsabilidade social. ●

"Deberían ensinarnos a preocuparnos pola sociedade en xeral e non só por nós mesmos"

alumnado ESO – IES12 de Outubro, Ourense.



**Imaxes, artigos,
ligazóns e máis en
xeracionresponsable.tumblr.com**

Sección ODS

Obxectivo 4: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida



Que a educación é a base para mellorar a nosa vida é un concepto apoiado desde todas as administracións públicas e organismos privados. Ademais, nas últimas décadas, dende a educación estanse introducindo conceptos que sensibilizan acerca da importancia de acadar un modelo de desenvolvemento máis sostible. Por iso, o 4º ODS focaliza o interese en acadar un acceso a unha educación de calidade e universal. É importante, ademais, apostar polo aumento nas taxas de escolarización, sobre todo, no caso das mulleres e das nenas.


Que importancia ten este ODS?

Unha educación de calidade tamén vai ligada aos asuntos relacionados coa igualdade. En todos os países sobre os que hai datos, as nenas e os nenos do 20% dos fogares máis ricos lograban maiores niveis de competencia en lectura ao final da educación primaria e do primeiro ciclo da secundaria que os do 20% dos fogares máis pobres. Como regra xeral, na maioría dos países que dispoñen de datos, os alumnos das zonas urbanas obtiveron maior puntuación en lectura que os das zonas rurais.

A igualdade tamén é clave no acceso á educación por parte das mulleres e das nenas. Mentres que nos países desenvolvidos a matriculación na ensinanza alcanzou o 91%, nun terzo das rexións en desenvolvemento non se logrou a paridade entre os xéneros na ensinanza primaria, e seguen tendo dificultades para matricularse tamén na escola secundaria.

Como axudar a acadar este obxectivo?

- Potenciar o compromiso por unha educación gratuita para toda as persoas, especialmente para os grupos vulnerables e con acceso a menos recursos.
- Conseguir a implicación do sector privado para que se invista en recursos destinados ao desenvolvemento da educación, a xeración de novas ferramentas pedagóxicas.
- impulsar a colaboración entre organizacións e institucións que traballan con persoas mozas, para promover a educación nas comunidades locais.

*Para obter máis información sobre o Obxectivo 4 e os demais Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, [consulte a web](#) 



Artigo

A Xunta de Galicia publica unha nova Guía para fomentar lugares de traballo máis saudables

Na actualidade, as empresas non son os lugares nos que desempeñar unha profesión. Trátase tamén de espazos nos que as persoas desenvolven capacidades persoais, se relacionan e pasan gran parte do seu tempo. Por iso, é crecente a tendencia de facer dos espazos de traballo lugares máis amables e participativos.

Numerosos estudos demostran que potenciar un bo ambiente de traballo, máis saudable, permite obter beneficios non só para a persoa traballadora; senón tamén para a empresa. Neste senso, fomentar ámbitos de traballo saudables permite mellorar, en último termo, a eficiencia das empresas.

Tendo en conta esta premisa, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publica a guía "Emprega saudable", para axudar ás organizacións a que dispoñan dunha guía práctica e dun conxunto de diferentes accións para conseguir mellorar as contornas laborais do territorio galego.

Empresas grandes, medianas e pequenas máis saudables. A guía define o concepto de organización saudable nas empresas galegas, de forma que poidan ter unha imaxe do antes e do despois; como un indicador do impacto positivo destas prácticas. Grazas á implantación de prácticas saudables nas empresas lógrase incrementar o número de persoas empregadas satisfeitas en Galicia, potenciar contornas de traballo saudables e acadar, por último, que se reduzan os índices de absentismo, baixas e incidentes laborais.



Contido da guía

A guía inclúe un contido introdutorio a través do cal se define que é unha contorna de traballo saudable, os seus beneficios e a relación coas prácticas de responsabilidade social das empresas. O contido da guía xira en torno a dez áreas de actuación dentro da empresa, comúns á maioría de organizacións empresariais, grazas ás cales se poderá coñecer en que grao o espazo de traballo é saudable e como se poden potenciar tanto as habilidades persoais como profesionais. Esas dez áreas son

- **estratexia e compromiso da dirección**
- **implicación das persoas, comunicación**
- **responsabilidade social**
- **medición da saúde e do benestar**
- **redución do tabaquismo**
- **fomento da actividade física**
- **impulso á alimentación saudable**
- **actuacións en saúde**
- **control do estrés e riscos psicosociais**
- **compromisos e certificacións**

Para axudar as organizacións que queiran autoavaliar o estado de saúde da súa organización, a guía inclúe unha enquisa de avaliación: a modo de test, de rápida resposta, para coñecer que necesidades, en materia de saúde laboral e benestar, non están cubertas. Este test pode ser respondido a través da enquisa en liña dispoñible na web rse.xunta.gal. Ademais, a persoa que responda á enquisa recibirá a resposta a través do seu enderezo electrónico xunto coa guía "Emprega saudable", de maneira que poderá pasar á acción de forma inmediata para mellorar o estado de saúde da súa empresa.

A sección de boas prácticas inclúe unha ampla listaxe de recomendacións para que as organizacións poidan desenvolver accións necesarias para xerar unha contorna de traballo máis saudable. En cada un dos dez temas inclúense as directrices xerais para xestionar estas boas prácticas dentro da organización, así como exemplos de empresas e organizacións galegas que xa aplican boas prácticas neste senso.

Por último, a guía inclúe un anexo máis con casos reais de empresas comprometidas coa saúde e co benestar laboral, así como a Declaración de Luxemburgo, o documento no que se establecen os principios básicos de actuación e o marco de referencia dunha boa xestión da saúde das persoas traballadoras na empresa e ao que se pode unir calquera organización que o desexe. ●



Para máis
información,
visite a web
rse.xunta.es



Artigo

Tras a Conferencia de Bonn - COP23, agora que?



En decembro de 2015, o Acordo de París supuxo un avance na loita contra o cambio climático, pese a non contar coa ambición que moitas organizacións esperaban. En calquera caso, conseguiuase unha posición unánime e unha resposta global por parte de 195 países fronte ao cambio climático. Un ano despois, o 4 de novembro de 2016 (menos dun ano despois da súa adopción), o Acordo de París entrou en vigor grazas á ratificación da UE, que fixo posible que se cumpriran os criterios establecidos no propio Acordo para a súa entrada en vigor. España finalizou o proceso de ratificación en febreiro de 2017. En datas recentes, Estados Unidos anunciou a súa intención de non seguir apoiando o tratado internacional, xunto con Nicaragua e Siria. É importante destacar que, despois de China, Estados Unidos é o maior emisor de gases de efecto invernadoiro.

Dous anos despois, a finais do 2017 tivo lugar en Bonn (Alemaña) o cumio coñecido como a COP23 (das siglas en inglés *conference of the parties*). Este cumio debía servir para establecer o marco de desenvolvemento do Acordo de París. Noutras palabras, para pasar á acción. Pero, unha vez máis, pospúxose toda toma de decisión ata finais do 2018, no cumio que se desenvolverá en Polonia, a COP24. A grandes trazos, cada cinco anos vanse revisar e avaliar os avances realizados para acadar os tres obxectivos xerais do Acordo de París:

- *Intentar que o quecemento global non supere os 2°C (o obxectivo adicional sería evitar superar o 1,5°C).*
- *A adaptación como obxectivo global, para permitir que os territorios sexan menos vulnerables aos efectos do cambio climático.*
- *Aliñar as inversións financeiras cun modelo de menores emisións e maior resiliencia co clima.*

A pesar disto, na COP23 déronse algúns pasos que apuntan a novas decisións futuras en materia de cambio climático. E é que a reunión de Bonn foi, sobre todo, un cumio técnico. Por iso, os resultados tiveron un enfoque máis reducido que noutros cumios, pero prepararon o terreo para futuros acordos:

Avances no programa de traballo do Acordo de París: continuouse coa elaboración dos distintos textos cos que traballar en cada unha das áreas concretas deste Acordo. Estes avances poñen sobre a mesa as posturas dos distintos estados, de modo que se pode negociar e avanzar nos documentos a aprobar na COP24 de Polonia.

Avaliacións anuais en 2018 e 2019, sobre o grao de avance de cada país cos compromisos que vencen a data 2020. Trátase de facer visible o compromiso de cada nación, ao tempo que se intenta manter a presión acerca da urxencia de adoptar esas medidas.

Fondo de adaptación: establecido desde o Protocolo de Kioto, continuará tras o Acordo de París. Este fondo supón o acceso ao financiamento para os países en desenvolvemento, permitindo poñer en marcha proxectos de adaptación ao cambio climático nos seus territorios.

Introdución da perspectiva de xénero na loita contra o cambio climático para que homes e mulleres teñan o mesmo grao de contribución e xeración de oportunidades que combinen a igualdade de xénero e o desenvolvemento sostible.

Cal é o papel das empresas e da sociedade na loita contra o cambio climático?

Se ben o cambio debe estar promovido polas administracións públicas, a todos os niveis, desde o sector empresarial e o conxunto da sociedade civil débense ter en consideración cuestións directamente vinculadas co cambio climático. En moitos casos, trátase de asumir que deben producirse cambios, evolucións nos patróns de consumo e inversión, orientados a diminuír o impacto sobre o clima.

- **Cambios no modelo enerxético:** se se quere contribuír a mitigar o impacto do cambio climático cómpre abordar unha transición no modelo enerxético actual. E neste tema, o ritmo do cambio é importante. Para promoverlo, o modelo de produción, distribución e comercialización da enerxía debe potenciar o uso de enerxías non procedentes do petróleo. Desta forma, poderase impulsar un modelo enerxético hipocarbónico, máis eficiente e no que a innovación tecnolóxica sexa unha aliada na transición enerxética.
- **Cambios na mobilidade:** ao igual que os patróns de consumo se modifican, a mobilidade tamén é un aspecto en constante evolución. O transporte, de mercadorías e de persoas é unha ferramenta clave no desenvolvemento económico e social. Aínda que non se debe ocultar que se trata, tamén, dun sector cun elevado impacto ambiental. A mobilidade sostible obriga a que se adopten políticas máis ambiciosas neste senso, apostando polo transporte colectivo, os sistemas de mobilidade compartido ou *sharing*, o vehículo eléctrico ou novos modelos de distribución, entre outros.
- **Fiscalidade verde:** a Oficina de Estatística da Unión Europea (Eurostat) define a fiscalidade verde como unha ferramenta para gravar, economicamente, aquelas actividades cun maior impacto ambiental. Desde o consumo de recursos á emisión de gases contaminantes, a fiscalidade é unha forma de orientación dos hábitos ambientais, impulsada noutros países de Europa para desincentivar as peores prácticas e potenciar a adopción de

modelos de fabricación e consumo máis sostibles. Esta fiscalidade verde axudaría, ademais, a conseguir unha economía con menor taxas de emisión de carbono.

- **Investimentos financeiros:** nos últimos anos, o crecemento dos investimentos que teñen en conta aspectos relacionados coa sostibilidade e coa responsabilidade social é incuestionable. O crecemento mundial das enerxías renovables, os proxectos de infraestrutura verde, as novas tecnoloxías máis limpas ou os novos sistemas enerxéticos, entre outros, son campos nos que o investimento de capital está sendo positivo. Todo isto fai pensar que as inversións en sostibilidade non soamente son rendibles economicamente, senón que o fan reducindo o impacto ambiental e potenciando as vantaxes sociais asociadas aos proxectos. ●



Artigo

Creado o Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030

En setembro de 2015, os 193 Estados membros das Nacións Unidas adoptaron por unanimidade a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. Entre os seus principios, a nova Axenda recolle a integración das dimensións sociais, medioambientais e económicas de todas as políticas públicas, así como unha folla de ruta para o desenvolvemento global. A Axenda 2030 está estreitamente vinculada con outros esforzos internacionais, entre outros, co Acordo de París sobre cambio climático.

Desde diversos foros facíase patente a necesidade de que España contara cun órgano transversal, encargado de coordinar a posición española e as actuacións necesarias para o cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030. Pois ben, o pasado mes de outubro publicábase a Resolución do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación pola que se acordou a creación do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030.

Esta Axenda 2030 dá cobertura ás cuestións relacionadas co desenvolvemento sostible, ao tempo que se complementa con outros grandes acordos internacionais. A axenda para acadar os 17 Obxectivos de desenvolvemento sostible é ambiciosa: un conxunto de 169 metas soportadas sobre un panel de 232 indicadores e un mecanismo de seguimento a escala nacional, rexional e global ante as propias Nacións Unidas. Por iso, moitas veces ven necesaria unha sólida coordinación interministerial que vele pola coherencia nas políticas públicas; así como unha maior comunicación sobre o desempeño tanto ante a sociedade española como nos diversos foros internacionais.

Entre outras, as funcións principais do Grupo serán impulsar a integración dos ODS e as súas metas nos respectivos marcos nacionais de políticas públicas, coordinar e dar coherencia ás

diversas políticas sectoriais e ás iniciativas lexislativas, elaborar unha estratexia nacional de desenvolvemento sostible, así como establecer mecanismos de interlocución e coordinación sobre a Axenda coas comunidades autónomas e as entidades locais.

De igual forma, poñerase énfase en garantir a comunicación coa sociedade civil e poñeranse en marcha grupos de traballo relacionados cos ODS (a súa composición dependerá do tema que se vaia tratar).

Tras a primeira reunión inaugural, en decembro de 2017 celebrouse a segunda sesión. Ademais das persoas que integran o Grupo de forma permanente, presidida polo propio ministro de Asuntos Exteriores e representantes de todos os ministerios; nesta segunda ocasión contou coa participación do presidente do Instituto Nacional de Estatística, das comunidades autónomas e da Federación Española de Municipios e Provincias.

Na dita reunión presentouse o Plan de traballo 2017/2018 e debateuse sobre o papel das comunidades autónomas e dos entes locais na implantación da Axenda, anunciándose, ademais, a organización dun Foro Global para a localización dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que se celebrará durante o primeiro cuadrimestre de 2018 co fin de crear unha alianza institucional entre gobernos nacionais, gobernos rexionais e locais e as súas asociacións, institucións da sociedade civil, privadas, e académicas.

Así mesmo, o Instituto Nacional de Estatística, a través do seu presidente, informou sobre os traballos da entidade en materia de indicadores para valorar os progresos na implantación das primeiras medidas da Axenda 2030 e compartíuse a última información facilitada polas Nacións Unidas para o Exame Nacional Voluntario. ●



Artigo

Como potenciar as habilidades brandas

Ata hai pouco, á hora de incorporar persoas ás organizacións, o habitual era buscar o talento nas coñecidas como habilidades *duras*: a formación da persoa, os seus coñecementos ou as capacidades técnicas que eran quen de desenvolver. Na actualidade, están gañando importancia, ademais destas habilidades *duras*, as coñecidas como habilidades *brandas*. Estas calidades persoais están relacionadas con aspectos como a capacidade de adaptación aos cambios, o desenvolvemento de traballos en equipo ou a creatividade, entre outros.

En que consisten as habilidades brandas e como desenvólvelas

Coñécese como habilidades brandas á combinación de capacidades sociais, trazos de personalidade e capacidades relacionais das persoas. Catalóganse como brandas dado que se supoñen máis adaptables e con capacidade de evolución ao longo do tempo. Están vinculadas á intelixencia emocional, polo que no seu desenvolvemento inflúen diferentes factores.

Un currículo considérase máis completo conforme as habilidades persoais están mellor desenvolvidas. Estas habilidades inclúen conceptos como os dotes de liderado, a capacidade de traballo en equipo, a xestión do tempo e o control do estrés ou a comunicación.

- Traballo en equipo
- Motivación e empatía
- Paixón polo labor profesional
- Adaptación e flexibilidade fronte aos cambios
- Visión estratéxica e reflexiva
- Capacidade de reacción e de toma de decisións
- Autonomía no desenvolvemento de tarefas
- Responsabilidade social individual



Artigo

Como potenciar as habilidades brandas

Este tipo de habilidades considéranse imprescindibles para desenvolver un perfil profesional máis completo e integrado. Se se está nunha busca activa de emprego, desenvolver estas calidades axuda a que a persoa destaque fronte a outras nos procesos de selección. En definitiva, trátase de que as persoas sexan quen de proporcionar non só coñecementos, senón tamén valores ás organizacións.

Normalmente, este tipo de habilidades non son analizadas ou explicadas durante as etapas formativas escolares ou universitarias, polo que adoitan contar cunha base persoal para o seu desenvolvemento. Polo contrario, son habilidades que cada persoa pode facer medrar e evolucionar de forma particular. Para iso, detectar que carencias e necesidades posúe a persoa é o primeiro paso. A formación a través de profesionais e organizacións pode ser de grande axuda no desenvolvemento destas habilidades brandas. Hai que ser conscientes de que o proceso é progresivo, polo que se deben dedicar tempo e esforzos para acadar resultados. Sobre todo, o máis importante para mellorar dende a

vertente profesional é pasar á acción e poñer en práctica todos os coñecementos adquiridos.

Beneficios de desenvolver as habilidades brandas

Tanto nas organizacións como fóra delas, contar cun bo balance de habilidades permite ser profesionais máis competentes. Desenvolver só un gran coñecemento técnico pode poñer en risco conseguir unha diferenciación e evolución profesional; mentres que, se se engaden habilidades en xestión emocional, pódese mellorar en cuestións de liderado ou traballo en equipo.

O que quedou patente é que, na actualidade, a capacidade tecnolóxica como máximo valor non é suficiente, e que as organizacións deben incorporar diferentes perfis para xerar equipos equilibrados e mellor preparados para dar resposta aos retos actuais e futuros. Este feito, unido á crecente evolución da responsabilidade social nas organizacións, introduce un escenario propicio para que as persoas sexan capaces de xerar valor. ●



Artigo de peche

Coñece Spotlight, a iniciativa global para eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas



Na actualidade, a desigualdade contra as mulleres e as nenas é unha das vulneracións dos dereitos humanos máis estendidas e persistentes do mundo. Isto pode poñer en risco a consecución do 5º obxectivo de desenvolvemento sostible e as metas asociadas na Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible. Esta desigualdade prodúcese en todo o mundo e afecta todas as xeracións, nacionalidades e esferas da nosa sociedade. Por iso, a Unión Europea e as Nacións Unidas impulsan unha iniciativa global e plurianual, co obxectivo posto en eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas: a Iniciativa Spotlight.

Nunha primeira etapa, vanse investir 500 millóns de euros por parte da Unión Europea como principal contribuínte. Ademais, invítarase outros doadores e asociados a que se sumen á iniciativa con miras a ampliar o seu alcance e magnitude. Grazas a estes recursos, levaranse a cabo iniciativas e proxectos encamiñados a promover a igualdade de xénero e o empoderamento da muller.

Para coñecer máis sobre Spotlight, [visita a web](#) 

